

20567 *LEI 34/1999, do 18 de outubro, sobre concesión de varios créditos extraordinarios no orzamento do Instituto Nacional de Emprego, para regulariza-las insuficiencias producidas en bonificacións de cotas de Seguridade Social correspondentes ós exercicios de 1996 e 1997 e no premio de recadación da cota de formación profesional do período 1995 a 1997, por importe total de 33.386.436.072 pesetas. («BOE» 250, do 19-10-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta lei ten por obxecto a concesión de varios créditos extraordinarios no orzamento do Instituto Nacional de Emprego para regularizar insuficiencias producidas en bonificacións de cotas de Seguridade Social e o premio de recadación da cota de formación profesional.

O Instituto Nacional de Emprego (INEM) está encargado da xestión de determinadas medidas para o fomento do emprego, entre as que se recollen as bonificacións nas cotas empresariais á Seguridade Social de contratos laborais, para a atención das cales se consignou en 1996 e 1997 crédito no seu orzamento de gastos. Este crédito resultou insuficiente para cubri-la totalidade das obrigas que se xeraron durante eses exercicios. A parte das citadas obrigas que quedou pendente de aplicación a orzamentos foi de 11.091.497.646 pesetas en 1996 e 10.025.913.066 pesetas en 1997, que foron satisfeitas mediante operacións de tesourería.

Por outra parte, o premio de recadación da cota de formación profesional non foi contabilizado polo Instituto Nacional de Emprego nos exercicios 1995, 1996 e 1997, ó non dispor de dotación orzamentaria para o efecto, resultando unha insuficiencia pendente de cobertura orzamentaria que ascende a 12.269.025.360 pesetas. Sen embargo, a Tesourería Xeral da Seguridade Social xa deduciu o mencionado premio de recadación da cota de formación profesional aboada ó Instituto Nacional de Emprego, non existindo ningunha débeda por este concepto.

Co fin de regulariza-las situacións descritas tramítase o proxecto de Lei de concesión de créditos extraordinarios no orzamento do INEM por un importe total de 33.386.436.072 pesetas.

Os créditos extraordinarios tramítanse de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión de varios créditos extraordinarios.*

Concédense varios créditos extraordinarios por un importe total de 33.386.436.072 pesetas, aplicados ó orzamento en vigor da sección 19, «Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais»; organismo 101, «Instituto Nacional de Emprego», nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicacións orzamentarias	Denominación	Importe — Pesetas
19.101.322A.487.05	Para cubrir insuficiencias orzamentarias en bonificacións de cotas da Seguridade Social, exercicios de 1996 e 1997.	21.117.410.712

Aplicacións orzamentarias	Denominación	Importe — Pesetas
19.101. Transferencias entre subsectores.423	Á Tesourería da Seguridade Social para atenderlo pagamento do premio de recadación da cota de formación profesional correspondente ó período 1995-1997	12.269.025.360

Artigo 2. *Financiamento dos créditos extraordinarios.*

Os créditos extraordinarios a que se refire o artigo anterior financiaranse con cargo ó remanente de tesourería do Instituto Nacional de Emprego.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

20568 *LEI 35/1999, do 18 de outubro, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 16.870.101.469 pesetas, para facer efectivo o pagamento ás empresas colaboradoras de asistencia sanitaria da compensación económica establecida na disposición transitoria sexta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social para 1998. («BOE» 250, do 19-10-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O obxecto do crédito extraordinario é facer efectivo o pagamento ás empresas colaboradoras de asistencia sanitaria da compensación económica fixada na disposición transitoria sexta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O dito precepto establece textualmente que a compensación económica a empresas que viñesen colaborando na xestión da asistencia sanitaria con anterioridade á entrada en vigor da Lei 66/1997, do 30 de decembro, «se establecerá en función dos traballadores protexidos e dará lugar á percepción dun importe que no poderá ser inferior ó que actualmente viñese percibindo a empresa, agás que este último fose superior ó custo medio, no INSALUD, das prestacións que cobre a colaboración; neste caso, será o dito custo o límite da compensación que se vaia realizar».

Esta regulación vén motivada pola progresiva separación entre as fontes de financiamento do sistema de Seguridade Social e do Sistema Nacional de Saúde e supón un cambio na determinación da compensación